



ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO DA FACTORÍA DO DEPORTE GALEGO - GALICIA SPORTS 360, NO CONCELLO DE MOS (PONTEVEDRA)

Proxecto: Factoría do Deporte Galego - Galicia Sports 360, Mos (Pontevedra)

Procedemento: Aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio

Titular: Real Club Celta de Vigo, SAD

Localización: Concello de Mos (Pontevedra)

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e en consecuencia, a Secretaría Xeral para o Deporte, con base no acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do 10 de novembro de 2022 (DOG núm. 242 do 22 de decembro de 2022), é o órgano competente, por razón da materia, para a tramitación do procedemento de aprobación do proxecto de interese autonómico denominado Factoría do Deporte Galego - Galicia Sports 360, en Mos (Pontevedra) segundo o disposto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 8 do 14.1.2021), e de conformidade coa proposta do Servizo Xurídico-Deportivo da Secretaría Xeral para o Deporte, de 20 de xullo de 2023, que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O 15.03.2022 o Real Club Celta de Vigo, SAD (en diante RC Celta) presentou solicitude aos efectos de iniciar o procedemento de declaración de interese autonómico do proxecto "Factoría do Deporte Galego - Galicia Sports 360", ao abeiro da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 8 do 14.1.2021), presentando unha proposta de actuación segundo o establecido no artigo 41.2 da dita Lei.
2. O 01.06.2022 esta Secretaría Xeral para o Deporte emitiu informe sobre a procedencia da declaración de interese autonómico do referido proxecto.
3. O 04.07.2022 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu o informe contemplado no artigo 42 da Lei 1/2021, dentro do procedemento da declaración de interese autonómico, ao tratarse este dun proxecto de interese autonómico non previsto nun plan sectorial.
4. Mediante acordo do Consello da Xunta do 10.11.2022 foi aprobada a declaración do interese autonómico deste proxecto.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela



5. O 22.12.2022 publícase no DOG núm. 242 a Resolución do 13.12.2022 desta Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declara o interese autonómico do proxecto.

6. O 16.05.2023 formulouse o informe ambiental estratéxico do proxecto de interese autonómico no que se conclúe que non se agardan efectos ambientais adversos significativos co desenvolvemento do proxecto polo que se somete ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

7. O 27.06.2023, RC Celta presenta o proxecto de interese autonómico da Factoría do Deporte Galego - Galicia Sports 360, elaborado por Otima SL (Ordenación territorial, infraestruturas e medio ambiente, SL), datado o 22 de xuño de 2023 e asinado polo arquitecto Francisco Javier Rivas Barros (colexiado nº 1.105 COAG).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 8 do 14.1.2021) indica que os proxectos de interese autonómico configúranse como instrumentos de intervención directa na ordenación do territorio da Comunidade Autónoma, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución inmediata de actuacións que transcenden o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado, que non teñan previsión nin acomodo no planeamento urbanístico.

2. A Consellería tramitadora do instrumento de ordenación do territorio procederá á aprobación inicial do proxecto de interese autonómico segundo o disposto no artigo 55.5 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro.

3. O proxecto de interese autonómico incluírá o contido e a documentación regulados nos artigos 44 e 45 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro.

4. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, é o órgano ao cal lle corresponde o deseño, programación e execución da política deportiva de Galicia, sen prexuízo das demais competencias que teña legal ou regulamentariamente atribuídas, segundo o establecido no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e



Deportes. (DOG núm. 126 do 04.07.2022) e na disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. (DOG núm. 119 do 23.06.2023).

5. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, segundo acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 10 de novembro de 2022 (DOG núm. 242 do 22.12.2022), é o órgano competente, por razón de materia, para a tramitación do procedemento de aprobación do proxecto de interese autonómico Factoría do Deporte Galego - Galicia Sports 360 no Concello de Mos (Pontevedra), segundo o disposto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 8 do 14.1.2021).

De acordo con todo o indicado e, unha vez seguidos todos os trámites establecidos na normativa aplicable e revisado o contido do proxecto polo órgano competente, segundo o disposto nos artigos 44 e 45 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, **PROPONSE** a APROBACIÓN INICIAL do proxecto de interese autonómico da Factoría do Deporte Galego - Galicia Sports 360, elaborado por Otima SL (Ordenación territorial, infraestructuras e medio ambiente, SL), datado o 22 de xuño de 2023 e asinado polo arquitecto Francisco Javier Rivas Barros (colexiado nº 1.105 COAG), en virtude do disposto no artigo 55.5 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Santiago de Compostela, na data e á hora da sinatura dixital

A xefa do servizo Xurídico-Deportivo
Teresa Carrera Babarro

Con base na antedita proposta, **ACÓRDASE A APROBACIÓN INICIAL** do proxecto de interese autonómico da Factoría do Deporte Galego - Galicia Sports 360, Mos (Pontevedra) elaborado por Otima SL (Ordenación territorial, infraestructuras e medio ambiente, SL), datado o 22 de xuño de 2023 e asinado polo arquitecto Francisco Javier Rivas Barros (colexiado nº 1.105 COAG), en virtude do disposto no artigo 55.5 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Santiago de Compostela, na data e á hora da sinatura dixital

O secretario xeral para o Deporte
José Ramón Lete Lasa

